

## QUEN SOMOS?

Down Ourense é unha asociación sen ánimo de lucro nada no ano 2003 en Ourense. O seu ámbito de actuación é toda a provincia. Os beneficiarios dos seus servizos son persoas coa Síndrome de Down e discapacidade intelectual de todas as idades e as súas familias. Foi declarada de utilidade pública polo Ministerio do Interior no ano 2007.



## A NOSA FILOSOFÍA

Pretendemos mellorar a calidade de vida das persoas coa síndrome de Down e con discapacidade intelectual e as súas familias, mediante un proceso de normalización que se basea en conseguir a súa integración e a súa participación na sociedade.


## QUE É A SÍNDROME DE DOWN

As persoas coa síndrome de Down teñen en todas ou en parte das súas células tres cromosomas 21 en lugar de dous. Este exceso de información xenética é responsable dunha serie de características físicas particulares e dun certo nivel de dificultade nos procesos de aprendizaxe.

As persoas coa síndrome de Down teñen moitas capacidades e poden acadar unha vida plena e activa.



## CONTIGO SUMAMOS



Francisco Huerta y Vega, 1.  
Bajo izq. 32004 Ourense  
Tel. y Fax: 988 370 313  
downourense@downgalicia.org  
www.downourense.org

## COLABORA CON DOWN OURENSE DATOS PERSOALS

Nome e apelidos ou razón social .....

Enderezo .....

C.P. ....

Enderezo electrónico .....

Teléfono .....

NIF / CIF .....

Localidade .....

Localidade .....

Localidade .....

Móvil .....

Móvil .....

Data de nacemento .....

De acordo co establecido na Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal 15/1999, de 13 de decembro, (BOE de 14 de decembro) notifícase que os seus datos persoais quedan incorporados ó ficheiro da Asociación Down Ourense, denominado "ASOCIADOS" / "COLABORADORES" y "ACTIVOS VARIOS", a solo se usará, segundo proceda, para prestarlle o servizo solicitado, comunicarse con usted, enviarlle información, e para realizar as xestións pertinentes. Pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos mesmos, mediante escrito dirixido ó responsable do ficheiro da Asociación Down Ourense acompañado de DNI, que nos pode remitir vía correo electrónico á dirección [downourense@downgalicia.org](mailto:downourense@downgalicia.org) ou por correo postal a Francisco Huerta y Vega, s/n, 32004 baixo.



Asociación  
Síndrome  
de Down

# O NOSO SERVIZO DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL

## ÁREA DE ATENCIÓN TEMPERÁ

A área de Atención Temperá está dirixida a nenos e nenas de entre 0 e 3 anos.

O obxectivo é cubrir e atender as necesidades da familia e o entorno no que vive e se desenvolve o neno/a dende un enfoque de intervención centrado na familia.



## ÁREA DE EDUCACIÓN

Esta área está integrada por programas dirixidos a usuarios e usuarias a partir dos 3 anos e que xa van á escola. Os programas desta área teñen por obxectivo que as persoas con e sen discapacidade poidan estudar na mesma aula.

Defendemos a educación inclusiva, que significa que alumnos con discapacidade e sen discapacidade teñen dereito a compartir a mesma aula. Así non se exclúe a ningúen, e todo o alumnado pode participar na escola e contar con apoios se os precisa.



## ÁREA DE FORMACIÓN E EMPREGO

A área de Emprego e Formación está dirixida ás persoas que buscan emprego.

A metodoloxía de emprego con apoio consiste na inserción laboral en empresa ordinaria das persoas con discapacidade intelectual e Síndrome de Down en particular, mediante a súa formación en aquelas habilidades, destrezas, capacidades e coñecementos, que poidan ser de utilidade no seu posto de traballo, co obxectivo de conseguir a mellor autonomía e independencia posible.

## ÁREA DE VIDA ADULTA E INDEPENDENTE

Esta área inclúe programas que ofrecen orientación e apoio ás persoas que desexen vivir soas, en parella, ou con outras persoas e que deste modo adquiren control sobre a súa propia vida.

Nesta área tamén está o programa de Envellecemento Activo, que consiste en deseñar estratexias para que todas as persoas poidan facerse maiores mantendo as súas capacidades.



## ÁREAS COMPLEMENTARIA E TRANSVERSAL

A área Complementaria, a través do programa de ocio, favorece a promoción das capacidades de cada persoa, para que poida autoxestionar o seu propio tempo libre na comunidade, coa maior autonomía, respetando os intereses individuais e o seu círculo de amizades.

A área Transversal recolle os programas abarcan a todos os grupos de interés (de maneira global) das entidades Down: persoas con síndrome de Down e discapacidade intelectual, familias e entorno social.

## QUERO COLABORAR CON

- 5€    10€    15€    .....€
- mes    trimestre    semestre    ano

## FORMA DE PAGAMENTO

- Transferencia bancaria (envíanos o comprobante)
- ABANCA ES 63 2080 0475 5830 4000 1330**
- BBVA ES 48 0182 6853 9202 0155 6982**

- Cheque a nome da Down Ourense  
Enviar ó enderezo que aparece no reverso

## PREFIRO UNHA DOAZÓN PUNTUAL

Importe .....€

- Con cargo á miña conta bancaria habitual

Nome do titular .....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....

Nome do titular .....

Data .....

Sinatura